

nós non fomos daquelas ondiñas / que veñen e van  
fomos e ficamos  
coma os cravos / a golpes de martelo

os airiños non nos levaron / do corazón

we weren't like those waves / that come and go  
we were and went and stayed  
like the nails / hammered in place

this breeze didn't take us / from the heart

non cómpre comprender  
nin cómpre dó  
cómpre pór o pé no berce  
o óso no prato  
o acento da diferenza en cada petada  
máis ainda nós<sup>1</sup>  
que restamos fóra

it's not a must to understand  
not a must to mourn  
it's a must to put our foot in the cradle  
our bone on the plate  
the accent marking the difference with each hoe strike  
especially for us<sup>2</sup>  
that are left out

---

<sup>1</sup> nós sós: sen o mar sen o idioma sen a casa

<sup>2</sup> We ourselves: left without the sea without language without a house

falaria das árbores  
mais é como ser  
imbécil e escura  
non saber  
se ponla o galla  
non coñecer o matiz  
que coma a luz  
se coa nelas

i'd talk about the trees  
but it's like being  
an idiot and dull  
not knowing  
if branch or limb  
not knowing the shade  
that like the light  
filters through them

a a á á

a balavento non

A

a ben a ben a bravo non a campo non a cabalo

a cada canto a cada instante a cántaros

a carón a corpo a cuberto

a deshora non a desmán non a destempo non

a diario a esgalla a fe

á falla de á fin

a gatiñas

a granel

a mares

-ly -ly -ly -ly

not absentmindedly

ABC

absolutely abundantly adorably not barely

belatedly believably blissfully

caringly celestially categorically

not chanceably daringly not decreasingly

dedicatedly direly faithfully

favorably feelingly

felinely

generously

majestically

a granel o noso amor enchía  
todos os recipientes da casa  
e fóra da casa<sup>3</sup>

~~era o leite e o viño~~  
~~que iamos procurar collidiños da man~~  
a vertermos pola cidade

generously our love filled  
every container in the house  
and outside the house<sup>4</sup>

~~it was the milk and wine~~  
~~that we'd go get hand in hand~~  
pouring ourselves through the city

---

<sup>3</sup> fose este espazo real ou imaxinario

<sup>4</sup> this space being real or imaginary

cruzar non foi un intercambio sucesivo daquilo que se expresa  
non foi seguir polo mesmo camiño en sentidos opostos  
nin foron camiños paralelos  
os camiños non seguían xeometría  
non crucei mensaxes palabras insultos regalos  
crucei un océano e aterrei  
no medio da noite

ningunha diferenza entre casa e caza

crossing was not a subsequent exchange of what's expressed  
it wasn't to follow the same path in opposite directions  
nor were they parallel paths  
the paths didn't follow geometry  
i didn't cross messages words insults gifts  
i crossed oceans and landed  
in the middle of the night

no difference between home and hunt